

Por moi republicanos e galeguistas que foran, meus pais falábannos aos fillos en castelán para meternos na elite lingüística da vila, aínda que a súa lingua cotiá era o galego. Eu aprendín o noso idioma na rúa e o meu irmán Xosé non sei onde. Coido que non foi no seminario, pois ata os seus trinta anos, polo menos, non renaceu galego.

Eu era pianista, e xa aos dez anos mandáronme a Madrid cunha bolsa a un internado chamado Apóstol Santiago, cheo de andaluces, extremeños, casteláns e dous galegos: o mindoniense Manolo Bermúdez e mais eu. Metidos nese mundo, non tiñamos máis remedio que falar na lingua do Imperio, pois calquera descoido poderíanos custar caro.

Aos vinte anos viñen a París cunha bolsa que me durou catro anos. Cando se acabou non tiña con que subsistir. Lin daquela nun anuncio no xornal Le Figaro que a Radio Nacional de Francia estaba á procura dalguén que soubese música, francés castelán e portugués para ilustrar as emisións destinadas a América latina, con Brasil incluído. Fun o único postulante e déronme o traballo. Co tempo nomeáronme xefe dos programas para España (a famosa Radio París), Portugal, Brasil e Hispanoamérica.

Ben me foi, e sempre penso que se obedecese o meu pai estaría neste intre botando carburante nunha estación de servizo, que era a solución que tiña prevista cando se me acabaron as bolsas.

**Ramón Chao Rego**  
Xornalista

**DO GALEGO**